Servizo de Persoal Docente e Investigador
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Reitoria
Rúa Maestranza, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 4 de agosto de 2022 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesora Titular de Universidade da área de coñecemento de Fisioloxía a Carmen De Labra Pinedo.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 23 de maio de 2022 (BOE do 2 de xuño de 2022), para a provisión da praza número 22/021 de Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Fisioloxía, departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas desta universidade, a favor de Carmen De Labra Pinedo, con DNI núm. ***0674** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Carmen De Labra Pinedo, Profesora Titular de Universidade da área de coñecemento de Fisioloxía, departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día siguiente á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).
.

A Coruña, 4 de agosto de 2022

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

| Código Seguro De Verificación | adMgFeIT/hereqV1W9kwCA== | Estado | Data e hora |
| --- | --- | --- | --- |
| Asinado Por | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 04/08/2022 09:42:07 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/adMgFeIT/hereqV1W9kwCA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 1AFFPTIFL88I4QLC7TS4I3DI
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 05/08/2022 13:25:43 Página 1 de un total de 1 página(s).